

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 143

Sesión plenaria
18 de outubro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 61190, 11/LGNF-000004).



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión e informa das inasistencias e delegacións de voto. (Páx. 4.)

Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

O señor presidente comunica os termos do acordo do Consello da Xunta de Galicia que é o obxecto da orde do día, así como os tempos de exposición e debate. (Páx. 4.)

Exposición do Goberno: Sr. Conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 4.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 9.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 12.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 16.)

Votación do límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024: aprobado por 42 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 19.)

Declaración institucional sobre o Día do Cancro de Mama

Antes de pechar a sesión, o señor presidente le unha declaración institucional relacionada co Día do Cancro de Mama previamente acordada por todos os grupos da Cámara, que se aproba por asentimento. (Páx. 19.)

Remata a sesión ás once e seis minutos da mañá.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifican a súa inasistencia dona Olalla Rodil, que delega o seu voto na súa portavoz, dona Ana Pontón Mondelo; e tamén —imaxino— don Ramón Fernández Alfonzo, polo seu proceso de saúde.

E non sei se hai algunha máis. *(Pausa.)* Non.

Ben, comezamos.

Punto único.

Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

O señor PRESIDENTE: O Consello da Xunta de Galicia, o día 11 de outubro de 2023, acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, que se fixa en 13.257 millóns de euros, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. Remitido a esta Cámara para a súa aprobación —xunto co informe da estratexia financeira fiscal referido no artigo 12.1 da precitada lei—, procederemos á súa votación. Pero antes haberá un debate e unha exposición. O Goberno dispón dunha rolda de quince minutos para a súa presentación e, posteriormente, os grupos parlamentarios terán un tempo de dez minutos cada un.

Entón comezamos coa presentación do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Como acaba de indicar o señor presidente, comparezo hoxe perante o Parlamento para presentar o límite de gasto non financeiro para o ano 2024, que se aprobou o pasado mércores polo Consello da Xunta de Galicia en cumprimento do artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia.



Ese instrumento de disciplina orzamentaria leva xa trece anos debaténdose nesta Cámara, dado que o Goberno galego foi pioneiro na súa aprobación por lei —como ben saben—, e cun feito diferencial en relación co resto das comunidades autónomas, pois a normativa galega non só prevé a aprobación do teito de gasto por parte do executivo autonómico senón que regula este trámite parlamentario co fin de que a Cámara tamén apoie este límite de gasto.

Señorías, o primeiro que quixera explicar é a razón desta presentación extemporánea pola que este ano aprobamos o teito de gasto máis tarde do que é habitual. É algo que é alleo ao executivo autonómico. E a razón é que non puidemos dispor dos datos que habitualmente remite o Goberno central que atinxen ao sistema de financiamento e ao obxectivo de estabilidade orzamentaria, que son, como poden supor, fundamentais para a elaboración deste límite. Agardamos ao máximo por estes datos, señorías. Pero se queríamos cumprir cos nosos prazos —se os queremos cumprir— xa non podíamos agardar máis. Porque a nosa intención e o noso compromiso é aprobar, como é habitual, as contas para o vindeiro ano en tempo e forma; é dicir, entregalas neste Parlamento con data límite do 20 de outubro.

Para o Goberno galego é esencial, por unha banda, blindar a estabilidade de Galicia e evitar que se contaxie da inestabilidade da política nacional; e, por outra, achegar certezas á cidadanía e ás empresas. Por iso garantimos a normal presentación dos orzamentos de 2024 pese ao apurado dos prazos, e facémolo coas nosas estimacións, que consideramos prudentes e realistas, froito da nosa experiencia orzamentaria.

Señorías, ademais de aprobar o teito de gasto non financeiro para o ano 2024, actualizamos o cadro macroeconómico para este exercicio, que serve de fundamento á magnitude que enmarcará os orzamentos do vindeiro ano. E, como facemos sempre, parte do traballo sempre rigoroso do Instituto Galego de Estatística. A súa análise conclúe que Galicia está en disposición de mellorar este ano tanto a estimación de crecemento do PIB como a taxa de paro —sempre con prudencia, pois estamos nunha conxuntura que mantén importantes incertezas, como ben saben, como a inflación, os tipos de xuro, os conflitos, a invasión de Ucraína por Rusia, a tensión crecente en Oriente Próximo, ao que se suma tamén agora a inestabilidade política no noso país, aínda sen goberno case tres meses despois das eleccións xerais—.

En canto ao crecemento económico, cos últimos datos ao dispor, estimamos un avance de polo menos un 1,8 por cento para este ano, unha décima máis do previsto nos orzamentos en vigor. Neste punto quixera lembrar que tamén no ano 2022 o PIB galego creceu por enriba do inicialmente previsto, dúas décimas máis, ata un 3,8 por cento, o que favoreceu que Galicia xa recuperase o PIB prepandemia a finais do ano pasado. En canto á taxa de paro, prevemos pechar este ano cunha media que se sitúe por primeira vez en quince anos por debaixo do 10 por cento; en concreto, no 9,8 por cento.

Señorías, coido que todos deberíamos alegrarnos de que tanto no crecemento como na taxa de paro, nestes dous eidos, as nosas estimacións sexan hoxe mellores que hai un ano. E ¿que agardamos para o vindeiro ano, para o ano 2024? Pois para o vindeiro ano seguiremos a consolidar o crecemento económico cun avance superior do PIB, na contorna do 2 por cento —exactamente ata o 1,9 por cento—. E ademais a taxa media de desemprego seguirá a baixar



outras catro décimas, ata o 9,4 por cento de media. Por tanto, con estas estimacións para o vindeiro ano 2024 Galicia encadeará catro anos seguidos de crecemento económico. E Galicia tamén encadeará catro anos consecutivos creando emprego, o que permitirá rebaixar ata niveis de hai quince anos a taxa de desemprego.

Señorías, unha vez explicada a actualización do cadro macroeconómico, exporeilles o límite de gasto non financeiro para o ano 2024 e como calculamos as estimacións dos ingresos. Neste escenario o noso cálculo prevé un límite de gasto non financeiro para o ano 2024 de 13.257 millóns de euros, un 5 por cento máis que o orzamento do presente exercicio, que á sazón é o teito de gasto definitivo do ano 2023. Esta contía supón uns 637 millóns de euros máis de capacidade de gasto neste exercicio, e dispoñemos do teito de gasto non financeiro máis alto da historia da comunidade galega. E hai algo moi importante: non recorreremos a novo endebedamento, por primeira vez en dezaseis anos, para facer estes cálculos.

Ademais, para o ano 2024 o incremento vén dado polo aumento do 7 por cento dos nosos recursos ordinarios, que compensan a caída do 28 por cento dos recursos extraordinarios. E explícome. Como seguro que xa saberán, a partida de recursos non financeiros que ten maior importancia é a que procede do noso sistema de financiamento, do sistema de financiamento das comunidades autónomas, xa que, con carácter xeral, supoñen en torno ao 80 por cento dos ingresos non financeiros totais. Non obstante —como tamén seguro que lembrarán—, nestes últimos exercicios acadou porcentaxes menores —na contorna do 70 ou do 75 por cento— motivado pola importante achega de recursos extraordinarios para combater a pandemia da covid e pola recuperación posterior. A crise pandémica determinou un importante apoio financeiro dende institucións nacionais e europeas, xunto coa posibilidade de recorrer ao endebedamento pola suspensión das regras fiscais, o que explica a perda de peso do sistema de financiamento. No ano 2024 retómase, recupérase, gran parte deste peso, que sobe ata o 76,6 por cento, unha mellora significativa da achega do gasto non financeiro. O cálculo destes recursos recóllese con base nas estimacións efectuadas polos servizos da Dirección Xeral de Orzamentos e da Consellería de Facenda á falta de comunicación provisional dos recursos do sistema de financiamento por parte do Ministerio de Facenda e Función Pública —como dicía anteriormente—.

Prevedemos que para o vindeiro ano 2024 os recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico aumenten un 8,6 por cento, ata os 10.206 millóns de euros. Esta evolución deriva do efecto combinado do cálculo das entregas á conta da liquidación positiva do ano 2022 e da detracción das contías adiadas polas liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009. Así, perante as incertezas existentes pola falta de comunicación destas entregas á conta por parte do Goberno de España, facemos unha previsión prudente dun aumento do 3,8 por cento das entregas á conta. En canto a liquidación do 2022, a estimación provisional é dunha liquidación positiva de 1.167 millóns de euros motivada polo bo comportamento da recadación tributaria —esta si xa baseada en datos definitivos da recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, moi por riba do estimado inicialmente—.

Polo que atinxe aos recursos propios, conformados polos tributos cedidos á Xunta de Galicia, os tributos propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais, o seu importe diminúe levemente nun 2 por cento. Dentro dos tributos directos destaca a suba do imposto



de sucesións e doazóns, que aumenta case nun 1 por cento pola maior recadación que estamos a experimentar neste ano e que actúa como efecto base para o vindeiro exercicio.

Pola súa banda, o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados cae máis dun 15 por cento, que obedece tanto ao efecto das bonificacións tributarias como a unha ralentización do mercado inmobiliario neste ano 2023, e que tamén se verá afectado o ano que vén polo endurecemento das condicións financeiras das hipotecas. Precisamente, coa rebaixa prevista para o ano 2024 do tipo xeral dun punto —do 9 ao 8 por cento—, logo de telo baixado xa outro punto no ano 2022, queremos axudar a favorecer estas operacións.

Polo que respecta ao resto dos tributos, son en xeral tributos propios que son impostos moi estables e que non sofren apenas variación con respecto ao orzamento do ano pasado en termos homoxéneos, prevéndose incrementos nos impostos estatais sobre actividades do xogo e no imposto de matriculación como consecuencia da evolución esperada do mercado de vehículos.

Se analizamos as transferencias finalistas doutras administracións, están compostas fundamentalmente polas achegas da Administración xeral do Estado e dos fondos europeos. E estas soben lixeiramente ata acadar os 2.201 millóns de euros. En concreto, o montante dos fondos europeos estimados para o vindeiro exercicio son 1.288,7 millóns de euros, cun descenso dun 6,3 por cento debido, por unha banda, á desaparición no ano 2024 dos recursos adicionais procedentes do instrumento React- EU —que no ano 2023 figuraba nos orzamentos cun importe de 180 millóns de euros— e que se compensa parcialmente pola inclusión dunha anualidade completa do marco financeiro plurianual 2021-2027 dos fondos estruturais e de investimento da Unión Europea. No que atinxe ao financiamento finalista do Estado, medra un 16,8 por cento.

En canto ao obxectivo de déficit, a Comisión Europea xa indicou que para o ano 2024 desaparecerá a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de estabilidade e crecemento, retomándose as regras fiscais cuxa nova definición está a discutirse nestes días —como ben saben—. Neste senso, a falta de convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira —no que se acorda o obxectivo de estabilidade e de débeda, e a taxa de variación da regra de gasto que deben respectar as contas autonómicas para o vindeiro exercicio— introduce novas incertezas na determinación deste teito de gasto. Cómpre lembrar que o Programa de estabilidade 2023-2026 remitido polo Goberno de España ás institucións europeas reflectía un déficit cero para as comunidades autónomas no ano 2024. E esta é a referencia que se tomou na nosa comunidade autónoma para a elaboración dos seus orzamentos —na nosa e na maioría das comunidades autónomas—. Finalmente, inclúense uns axustes de contabilidade nacional negativos de 69 millóns de euros, que supón maior gasto en termos, por tanto, de contabilidade nacional.

Señorías, unha vez explicada a procedencia dos recursos cos que esperamos contar para o vindeiro exercicio, presentamos á Cámara, para a súa autorización, un teito de gasto para o ano 2024 realista e prudente que ascende a 13.257 millóns de euros. Permitiranos ter unha capacidade de gasto un 5 por cento superior á do orzamento vixente —636 millóns de euros máis—. E se a este 5 por cento lle engadimos o efecto das rebaixas tributarias, o efecto



expansivo do orzamento acadará o 5,6 por cento. Desta contía, 13.326 millóns de euros son ingresos non financeiros e 69 millóns de euros corresponden a axustes negativos de contabilidade nacional. E reitero: por primeira vez nos últimos dezaseis anos representa un teito de gasto sen novo endebedamento.

¿Como actuaremos? ¿En que empregaremos este teito de gasto? Señorías, para o ano 2024 o Goberno galego orientará a súa política orzamentaria a desenvolver as liñas de actuación encamiñadas a reforzar os servizos públicos— en especial, a política social e o apoio ás persoas máis vulnerables— e a impulsar a actividade económica e o emprego —en especial, no sector industrial para consolidar un crecemento sostido co impulso dos proxectos transformadores que aceleren a transición enerxética e dixital—. E farémolo partindo do Plan estratéxico de Galicia e baseándonos nun crecemento sostible e cohesionado social e territorialmente, afondando na innovación e no coñecemento como vías de desenvolvemento económico da nosa comunidade autónoma.

Señorías, neste ano tan atípico, no que pedimos a autorización a este Parlamento do límite de gasto non financeiro para deseguido aprobar o proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2024, quixera destacar a estabilidade e a previsibilidade do Goberno galego. E, finalmente, quixera avanzar de maneira moi breve as catro prioridades coas que prevemos acadar estes obxectivos enunciados anteriormente.

En primeiro lugar, modernizar e mellorar a prestación do sistema galego de benestar, garantindo a accesibilidade en todo o territorio galego e diversificando servizos e actuacións —ofertados en función das necesidades detectadas—. Adicaremos unha especial atención ás persoas maiores e aos colectivos máis vulnerables mediante o despregamento de actuacións públicas coordinadas co obxectivo último de incidir sobre os niveis de desigualdade da economía e tamén sobre a vulnerabilidade á que están expostos.

En segundo lugar, coa nosa política orzamentaria proseguiremos coa mellora do resto dos servizos públicos, como instrumento básico de solidariedade e redistribución; en especial no eido sanitario, cunha política ampla de investimentos e dotando a sanidade pública de equipos, infraestruturas e medios que garantan unha cobertura sanitaria de calidade que incida na mellora da saúde da poboación galega.

No eido educativo despregaranse investimentos sociais que contribúan á formación e á igualdade de oportunidades mediante unha Administración educativa moderna, dinámica e innovadora; cunha aposta decidida na educación dixital e nas novas metodoloxías, coa mellora da diversificación da formación profesional, de xeito que os centros educativos e as empresas desenvolvan de forma conxunta proxectos de innovación e se favoreza o máximo desenvolvemento das súas capacidades e a súa adaptación á realidade socioeconómica, contribuíndo á mellora continua da calidade da formación e da empregabilidade. E nesta liña tentamos aumentar as posibilidades de integración no mercado laboral mediante o desenvolvemento de itinerarios de inserción sociolaboral especializados. Ademais, mantense a necesidade de desenvolver políticas no eido da vivenda, medioambientais, no eido turístico e no fortalecemento do sector primario como panca de crecemento e instrumento de cohesión territorial. Estas son acompañadas con medidas tendentes a superar o complexo reto



demográfico que temos por diante, como a Estratexia Retorna, que fai do retorno unha oportunidade que posibilita tanto a mellora da competitividade como a da produtividade do tecido empresarial, así como das condicións de vida laborais e da calidade de vida dos retornados.

En terceiro lugar, tentaremos impulsar o crecemento potencial da economía mediante a promoción de proxectos transformadores da nosa estrutura económica que aceleren e aproveiten os dividendos das transicións verde e dixital e impulsen as fontes de enerxía limpa aproveitando os recursos procedentes do Fondo de Transición Xusta en aplicación do Pacto verde europeo, do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia Next Generation-EU e do novo marco operativo de fondos europeos 2021-2027 adicados a esta finalidade.

E, por último, hai que consolidar un crecemento sostido mediante o impulso dos investimentos estruturais precisos para contar cun tecido industrial máis moderno, produtivo, sostible e competitivo. No marco dunha economía global e conectada continuaremos a desenvolver unha industria intelixente e que aposte pola diferenciación con base na compoñente tecnolóxica, na calidade e no deseño, e acompañado con actuacións que teñan por obxecto impulsar un tecido empresarial de máis tamaño e máis internacionalizado mediante a diversificación de produtos e mercados.

Señorías, remato xa.

Logo de expoñerlles a composición e as prioridades deste límite de gasto non financeiro, quero pedirllas a todos os grupos parlamentarios que apoiem este teito de gasto para poder aprobar de xeito inmediato o proxecto de orzamentos para o 2024 e poder seguir así atendendo as necesidades de todos os galegos e todas as galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Bo día, señor conselleiro.

Hoxe debatemos neste Parlamento o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024, tal e como dixo vostede, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Este é un debate, ou debería ser, extraordinariamente importante pese a ter cobrado nos últimos anos, e debido á maioría absoluta do Partido Popular, un marcado carácter de



procedemento de trámite. E a proba máis evidente do carácter rutineiro que, para a maioría absoluta do Partido Popular, ten este pleno é que, pese a ser aprobado o informe da estratexia financeiro-fiscal o mércores da semana pasada polo Consello da Xunta de Galicia, non nos foi remitido aos grupos ata hai dous días —seis días para remitir unha copia dun informe en plena era da dixitalización—. E, como ocorre todos os anos, o que se vai aprobar hoxe vai determinar as políticas que se van desenvolver ao longo do ano 2024, tanto as políticas ordinarias como as extraordinarias, as que darán ou non darán continuidade a aquelas medidas que xa se veñen desenvolvendo e aquelas que será necesario, ou sería necesario, desenvolver. Pero tamén —e hai que dicilo con claridade— é o soporte económico para a campaña electoral do Partido Popular para as próximas eleccións.

O certo é que seguimos a notar, evidentemente, as consecuencias da pandemia e da guerra de Ucraína, pero tamén é certo que a nosa evolución económica, a de Galicia e a de España, está marcada polas políticas monetarias que tentan facer fronte á inflación. E, como xa dicíamos neste mesmo debate do ano pasado, é obrigado recordar neste momento algunhas realidades, porque a situación é grave e require apostas comprometidas para sectores de poboación e produtivos que se atopan en situacións difíciles.

O informe da Axencia Galega da Pobreza, presentado xustamente onte, alerta de que, pese a existir afortunadamente unha redución de 42.000 persoas con respecto ao ano 2021, hai nada máis e nada menos que 636.000 persoas residentes en Galicia en risco de pobreza ou exclusión social —máis da metade delas, por certo, mulleres—. Son demasiadas persoas. E tamén incide na importancia do escudo social posto en marcha tanto dende o Goberno central, con eses ERTE e o ingreso mínimo vital, como pola Xunta de Galicia —obrigado é recoñecelo— coa Risga e, sobre todo, coa Tarxeta Básica, e a maior parte dos concellos —mal financiados pola Xunta de Galicia— e as organizacións do terceiro sector de acción social galegas. Hai melloras, si, pero tamén hai marxe para mellorar. E todas as comunidades autónomas melloraron, posto que reduciron a súa taxa AROPE e iso é algo que nos debe facer sentir mellor, posto que as medidas que se adoptan parecen estar dando certos resultados. Pero debemos afondar nelas, debemos analizar a súa eficacia e tamén a súa suficiencia.

A estas alturas creo honestamente que ninguén pode dúbida de que as medidas que se adoptaron para superar a crise dos anos 2008 e 2009 deixaron todo que desexar, posto que contribuíron a quebrar máis a sociedade. Non garantiron unha equidade na corresponsabilidade das cargas, e sabemos que unha parte importante da sociedade soportou con máis intensidade a dureza desas medidas. E unha sociedade que protexe é unha sociedade moito mellor, e un goberno que avanza na equidade social e na protección da súa cidadanía é un goberno moito mellor. A equidade é inseparable da garantía duns servizos públicos esenciais, porque os servizos públicos —creo que iso é algo que ninguén pode discutir— son a garantía dos dereitos e das liberdades dos cidadáns, e son unha peza fundamental do Estado do benestar da nosa sociedade. En definitiva, creo que resulta moi necesario que nos orzamentos do ano 2024 estea presente a protección a toda a cidadanía ante a situación complexa na que nos atopamos, e con máis incidencia nos máis necesitados.

E no informe que presenta a Xunta de Galicia —do que vostede leu literalmente as páxinas 49 e 50— figuran catro prioridades: modernizar e mellorar a prestación do sistema galego



de benestar actuando sobre uns servizos que garantan a accesibilidade en todo o territorio galego; proseguir na mellora do resto dos servizos públicos, nomeadamente en sanidade e educación; impulsar o crecemento potencial da economía mediante a promoción de proxectos transformadores; e consolidar un crecemento sostido e o impulso de investimentos estruturais precisos para contar cun tecido industrial máis moderno, produtivo, sostible e competitivo.

Señor conselleiro, ¡como non compartir estas prioridades!, pero, á vez, ¡como crer que a Xunta de Galicia está verdadeiramente implicada no logro deses obxectivos logo da súa traxectoria ao longo dos últimos catorce anos! (*Aplausos.*) ¿Que hai de novo neste orzamento con respecto aos anteriores? ¿Hai unha emenda á totalidade ás súas propias políticas? ¿Hai un xiro motivado polo cada vez máis inminente escenario electoral? Miren, como dicía, estamos nun momento internacional marcado pola incerteza, pero nese contexto a economía española está a mostrar máis ca nunca a súa fortaleza. Somos un país que crece e coa inflación máis baixa. A economía española experimentou unha forte recuperación dende o ano 2021 e xa se sitúa un 2 por cento por encima do nivel prepandemia. De feito, o dinamismo da economía española fai que no primeiro semestre España lidere o crecemento da Unión Europea, moi por encima das principais economías da nosa contorna; unha situación que se debe principalmente a catro factores: o rápido desenvolvemento do Plan de recuperación, o dinamismo do mercado laboral, a evolución positiva do sector exterior e a solvencia das familias e empresas españolas —e, por suposto, tamén das galegas—. De feito, o investimento medrou en España un 5 por cento desde que se puxo en marcha o Plan de recuperación fronte a 1,6 por cento da zona euro.

E as anteriores afirmacións, a boa marcha de España, pese aos vaticinios de expertos economistas como o señor Núñez Feijóo e o señor Tellado, que vían inminente unha quebra da economía española e unha intervención por parte da Unión Europea —recordarano vostedes, a hemeroteca está aí e podemos recuperar os teletipos, á diferenza dalgún que desapareceu nalgún debate non hai moitas semanas, pois había un teletipo que non apareceu despois—... (*Aplausos.*) Pois, segundo dicía, estas previsións permiten que Galicia reciba 10.206 millóns de euros co sistema de financiamento autonómico durante o exercicio de 2024. Esta é a maior cifra da historia e supón un incremento do 8,6 por cento con respecto ao ano 2023. Ao anterior súmanse, evidentemente, 2.201 millóns de ingresos finalistas e outros recursos financeiros por 919 millóns de euros.

E, si, é todo un récord, como en anos precedentes, pero tampouco ningunha singularidade dentro do Estado, nin en canto a ser o maior orzamento dos últimos anos nin en canto ao hipotético exercicio de hiperresponsabilidade que presenta a Xunta de Galicia ao presentar o teito de gasto. De feito, Illes Balears presentou o día 6 deste mes un teito de gasto cun incremento do 7,03 por cento. Por certo, onte estreláronse no Parlamento das Illas Balears como consecuencia do voto en contra de Vox a ese teito de gasto. En Castela-A Mancha presentouse o día 29 de agosto un teito de gasto cun incremento do 5,4 por cento; A Rioxa presentou o día 3 de outubro un teito de gasto cun incremento do 8,6 por cento; e Cantabria presentou o 15 de setembro un teito de gasto cun incremento do 3,44 por cento. Así que, señor conselleiro, señores membros da Xunta de Galicia, o de pioneiros en modelos de xestión ímolo deixar para o seu imaxinario. Se queren crer que son os mellores, alá vostedes, pero non é certo.



Pero de pouco serve ás persoas e aos sectores máis necesitados a suficiencia de recursos se non vai acompañada dunha planificación correcta. Son demoledores os informes do Consello de Contas ano tras ano; por exemplo, no relativo á execución do Fondo de Compensación Interterritorial. Saiban vostedes —diciámolo o ano pasado— que no ano 2020 executaron o 0 por cento, ou sexa, nada de nada, dese fondo, mentres que a media de todo o Estado foi do 83,98 por cento. (*Aplausos.*) E iso xa o dixemos no debate do ano pasado, pero é que o informe do Consello de Contas —o último— alerta de que, con respecto ao ano 2021, foron vostedes capaces soamente de comprometer o 26,71 por cento de gasto, de 39 millóns de euros —39,5— só comprometeron gasto por 10,5 millóns.

E así un ano detrás doutro. E este debate, o debate sobre os ingresos —en realidade o teito de gasto é un debate sobre ingresos— ten unha conexión íntima coa política tributaria. E é que a política tributaria da Xunta de Galicia é unha copia literal das políticas xerais do Partido Popular en combinación con Vox. Hai unha redución cosmética —sei que non lles gusta, pero a realidade é esa— nas rendas máis baixas. ¿Que repercusión tiveron as súas medidas, analizado contribuínte por contribuínte e non en global, como o presentan vostedes sempre neste Parlamento, na aplicación desas reducións tributarias? Hai unha redución cosmética —insisto— nas rendas máis baixas e hai unha hiperredución nas rendas máis altas. ¿Canto supón esa redución no imposto do patrimonio?

E, ademais, hai unha enorme —e, polo tanto, evidente— incongruencia entre un discurso hipercrítico co goberno de Sánchez e as cifras presentadas, nas que seguen existindo máis de cincocentos millóns de euros de financiamento extraordinario. Dado que presumen de baixar os impostos e de que o crecemento de Galicia é paralelo ao español, está claro que eses fondos proceden do comportamento positivo —económico e fiscal— da economía española.

Por último, unha advertencia: o discurso de baixadas continuadas de impostos e ao tempo a reclamación de máis fondos centrais para Galicia non só é incoherente, é cínico e ten un risco, ten un risco do que debería darse conta a Xunta de Galicia e debería calibrarse. E é que debilita a nosa posición negociadora en Galicia nos próximos tempos. Ir a unha negociación sobre un novo modelo de financiamento autonómico asegurando que estamos tan sobrados de recursos que podemos perdoarlle o imposto do patrimonio aos máis ricos non é o mellor xeito de defender os intereses do país. E soamente por iso merecerían ser substituídos. Temos diante de nós unha situación extraordinaria pero temos recursos extraordinarios. Aproveiten vostedes as potencialidades que lles dará este orzamento do ano 2024.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, señor conselleiro, eu estou convencida de que coincidiremos en que nunha democracia as formas son importantes. E son importantes precisamente porque nos falan



do respecto que teñen polo funcionamento das institucións que nos representan a todos e a todas. E teño que dicirlle que, coas súas formas, ou, mellor dito, coas malas formas do Partido Popular, volven demostrarnos que o seu respecto por este Parlamento é cero. En realidade, para o Partido Popular o Parlamento é un trámite aburrido. Cánsaos ter que vir aquí escoitar a oposición. Encantaríalles poder suprimilo, pero, como non poden, o que fan é, na práctica, anulalo. E é que nin tan sequera o disimulan, nin tan sequera o disimulan.

En teoría, o teito de gasto, a aprobación do teito de gasto, debe facerse no inicio da elaboración dos orzamentos. Iso é o que se fai de maneira habitual. Pero esta proposta chega a este Pleno unhas horas antes de que sexa aprobado o orzamento polo Consello da Xunta. (*Aplausos.*) Este é o respecto que teñen polas institucións.

E é que, ademais, como guinda da torta, cambiaron o Consello da Xunta —que habitualmente se fai os xoves— para os mércores. E ¿por que hai este cambio de axenda?, ¿é que o señor Rueda ten unha importante xira para atraer investimentos para Galiza?, ¿ten o señor Rueda un encontro nas máis altas institucións europeas para defender os intereses do noso país? Non, non, simplemente o señor Rueda ten que ir ao Senado a repetir o argumentario que lle mandan desde Génova. Si, a falarnos por enésima vez de que España se rompe e de que vai chegar a fin do mundo porque o señor Feijóo non é presidente do Goberno. (*Aplausos.*) E este é o respecto que vostedes teñen a este Parlamento. Para vostedes o primeiro sempre é Madrid.

Estamos, polo tanto, ante un non-debate. Porque coincidirá comigo, señor conselleiro, en que sabe que hoxe isto pois é unha especie de farsa nun trámite que chega tarde pola súa responsabilidade. Porque vostedes volveron dicir que chegan tarde porque non houbo o Consello de Política Fiscal. Pero é que non o houbo en agosto, non o houbo en setembro e tampouco o houbo agora. Polo tanto, as circunstancias son as mesmas. ¿Por que non trouxeron este teito de gasto no mes de agosto, como é habitual? Temos outros gobernos do PP, por exemplo, Andalucía, que o fixo o 26 de xullo. Polo tanto, se Andalucía podía, imaxino que Galiza tamén puido ter aprobado ese teito de gasto.

¿A que se debe realmente este atraso? Pois é moi simple: débese a que este Goberno leva meses convertido nun apéndice da estratexia electoral do Partido Popular de Madrid. (*Aplausos.*) Levamos meses cun goberno paralizado, primeiro, ao servizo da estratexia electoral do Partido Popular de Madrid e, despois, porque estiveron coa calculadora electoral a ver cando lles conviña máis facer a convocatoria das galegas.

O señor Rueda tiña un plan, o plan era que ía cabalgar sobre o inquilino da Moncloa. Pero, como non puido ser, o que leva facendo durante as últimas semanas é a súa promoción persoal como candidato; unha promoción persoal na que están utilizando o cargo de presidente da Xunta e na que os orzamentos son unha peza clave desa estratexia. Esta é a democracia que practica o Partido Popular: usar as institucións ao servizo dos seus intereses partidistas.

Porque, miren, falar neste Parlamento do teito de gasto, da relevancia deste debate e da importancia das institucións cando xa teñen os orzamentos a punto de ser aprobados é unha auténtica tomadura de pelo. Pero, ademais, por se isto fose pouco, o que nos dan é a súa



habitual propaganda. E é que os orzamentos sempre son históricos, os seus orzamentos sempre son históricos, cando en realidade vostedes saben que temos un incremento que é raquítrico, que na práctica, tendo en conta a inflación, vai supoñer unha conxelación dos orzamentos nun momento no que estamos cunha crise de prezos que precisa máis ca nunca que o público sexa o motor dos servizos públicos, da economía e, en definitiva, do benestar das persoas.

Pero é que tamén este teito de gasto é o mellor retrato dun goberno que está esgotado, que non ten ambición e que non ten un proxecto de futuro para este país, dun goberno que está nas últimas, sen ofrecerlles nada nin ás familias nin ás empresas; porque nin axudan a quen máis o necesita nin teñen proxectos transformadores que nos permitan enfrontar con garantías o futuro. Están malgastando os fondos extraordinarios sen preparar Galiza para os retos de futuro. Porque, realmente, ¿vostedes cren que con estes orzamentos se vai frear o peche de industrias? ¿Van reforzar os servizos públicos, reverter os recortes en atención primaria e acabar coas listas de agarda nos centros de saúde? ¿Van mellorar o sistema de atención ás persoas maiores? ¿Van realmente impulsar a ciencia? ¿Van servir para loitar contra o cambio climático? ¿Van permitir frear a emigración de xente moza e a perda de poboación? Eu xa lles digo que, lamentablemente, non, porque o que nos repiten son as mesmas receitas fracasadas de sempre.

Sempre nos presentan aquí os orzamentos para o emprego, pero logo resulta que temos menos persoas traballando que en 2009. Presumen dunha baixa taxa de paro, que vostedes saben que se debe a que temos unha baixa taxa de actividade e á emigración de douscentos mil mozos e mozas. Sempre son orzamentos para impulsar a industria, pero resulta que co Partido Popular perdemos catro mil empresas. Sempre son os orzamentos para atender os maiores, pero resulta que o que temos é un modelo co que cada vez vostedes privatizan máis e xogan máis co dereito á atención ás persoas maiores. Sempre son os orzamentos para defender os servizos públicos, pero resulta que temos listas de espera en atención primaria. Señor Corgo, isto si que é un récord histórico. *(Aplausos.)*

Non fan nin unha soa referencia a que soportamos unha das inflacións máis altas do Estado, a que estamos por riba da media do Estado. Tampouco adoptan ningunha medida efectiva para contrarrestala e, por riba, sempre votan en contra de todas as propostas que propoñemos desde o BNG. Votaron en contra de recuperar a Tarxeta Básica —acaba de reclamárllelo onte a Rede Galega contra a Pobreza—. Votaron en contra de axudas extraordinarias neste inicio de curso. Votaron en contra de compatibilizar a Risga co ingreso mínimo vital e votaron en contra de que teñamos un fondo de rescate hipotecario para axudar as familias nun momento tan difícil, no que as institucións europeas están tomando decisións que van en contra da maioría social.

Vostedes, no seu informe recoñecen que o endurecemento da política monetaria, é dicir, a suba dos tipos de interese e a suba das hipotecas, afecta máis intensamente as empresas e os fogares. Pero é que vostedes non toman ningunha posición, simplemente asumen acriticamente esa realidade, ou mesmo fan afirmacións que son sorprendentes, como dicir que se vai aumentar a renda dispoñible. Estaría ben que nos explicasen como é posible que se aumente a renda dispoñible cando en Galiza temos as segundas pensións máis baixas,



temos o salarios por debaixo da media e temos a inflación máis alta. Estaría ben que nolo contasen. Tamén fan previsións neste informe que son contraditorias coas doutros organismos. Por exemplo, anticipan unha baixada do prezo da enerxía cando as propias previsións que fai o Banco de España van por outra dirección.

Estamos, polo tanto, ante o de sempre: propaganda e unha imaxe maquillada para presentar os orzamentos que non vale de nada. Porque facerse trampas ao solitario non vale de nada, e moito menos cando se trata de darlles solucións aos problemas que teñen os galegos e as galegas.

Como tampouco vale de nada anunciarnos aquí orzamentos que logo non cumpren. Porque o problema é que os orzamentos son unha previsión, e logo temos que ver cal é a execución. E fíxense: só entre 2019 e 2022 este Goberno deixou sen investir 3.154 millóns de euros. E, ademais, vostedes programan orzamentos en ámbitos nos que logo non teñen ningunha capacidade de execución. E permítanme darlles algúns exemplos: no programa de acceso á vivenda deixaron sen executar o 78 por cento do total —92 millóns de euros—, un fracaso absoluto (*Aplausos.*) —sobre todo cando temos miles de persoas que non poden acceder a unha vivenda—. En formación profesional de persoas desempregadas deixaron sen investir o 53 por cento do que anunciaron —247 millóns de euros—. En impulso da ciencia quedaron no papel 191 millóns de euros, o 33 por cento do total. E tanto lles interesa todo o que ten que ver coa conciliación da vida laboral e profesional que deixaron sen investir o 74 por cento do presupostado.

Remato, señor conselleiro, que xa vexo que case non lles chega o tempo para chegar ao Consello da Xunta que teñen ás once. Hai unha cuestión que nos parece fundamental (*Murmurios.*) —se os conselleiros e as conselleiras non se alteran e me deixan continuar...— (*Murmurios.*). É evidente que Galiza está infrafinanciada por parte dun modelo de financiamento que, quero lembrar, asinou de letra e puño o anterior presidente da Xunta. (*Aplausos.*) É un modelo caducado desde o ano 2014 ante o que vostedes estiveron absolutamente pasivos. Non temos nin un documento nesta Cámara de cal é a proposta que ten o Goberno nun dos asuntos máis relevantes para o noso futuro.

A esta situación temos que engadirlle unha repartición inxusta e centralista da capacidade de endebedamento, que para o ano 2024 o goberno de Sánchez cifra nun 3 por cento para o Estado e nun 0 por cento para Galiza, un criterio que lamentablemente... (*Murmurios.*) (*Pausa.*) É a falta de respecto habitual. (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*) Evidentemente, para vostedes o debate non existe.

O problema é que vostedes están a favor ou en contra deste criterio en función de quen se senta na Moncloa. Agora toca criticar, pero é que de aí non pasan, porque o que habería que reclamar neste momento é que, como mínimo, se continuase con esa aplicación flexible das regras fiscais porque é evidente que estamos nun momento de crise económica e social que necesita incrementar a capacidade do público. (*Aplausos.*)

Urxe tamén negociar un novo modelo de financiamento que deixe de discriminar a Galiza...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora PONTÓN MONDELO: ...—e remato—, que nos permita decidir sobre o noso e marcar as nosas prioridades de investimento en función das necesidades do país. Pero isto, igual que moitas outras cousas importantes terán que ser negociadas por un goberno que realmente confíe neste país, por ese goberno de cambio que vén aí, que eu aspiro a presidir e que lles dará un futuro mellor aos galegos e ás galegas. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitísimas grazas, señorías. Moitísimas grazas, tamén, señorías do Partido Popular, pola súa educación e respecto.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Creo que os alumnos que están aquí levan hoxe un exemplo de mala educación.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señora Pontón, non é que os conselleiros teñan présa, é que, como lle dixo agora mesmo o presidente, acábaselle o tempo. E non me refiro só a este pleno. *(Aplausos.)* ¡Acábaselle o tempo, señora Pontón!, e empeza a notarse demasiado. *(Aplausos.)*

Vaime permitir que me centre neste debate, o que consideraba o señor Álvarez debate de trámite —pareceume entender—. Non lle debe faltar razón, porque non se ve ningún candidato a primarias socialistas facendo hoxe autopromoción aquí. Debe ser verdade que para vostedes é un debate de trámite. Pero para nós é un debate importante porque neste pleno se van producir dúas noticias de gran importancia, absolutamente previsibles as dúas pero de gran importancia. A primeira é que o Goberno galego cumpre un ano máis a súa obriga de presentar no Parlamento de Galicia o límite de gasto non financeiro como o primeiro paso para que Galicia conte en tempo e forma cun orzamento co que afrontar o ano 2024. A segunda noticia —tamén previsible— é que ese límite de gasto, como calquera outra proposta que veña da Xunta de Galicia, non contará co apoio da oposición. Paren as rotativas.

A primeira é unha noticia especialmente importante este ano porque a Xunta cumpre con Galicia a pesar de que, como explicou o conselleiro, o Goberno de España non cumpre nin con Galicia nin coa Xunta —nin con ningunha das súas comunidades autónomas, por certo— nin coa convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira nin coa previsión das entregas á conta para as comunidades autónomas nin co obxectivo de estabilidade. Galicia non contou, para calcular este límite de gasto, con máis estimacións que as que lle proporciona a súa propia experiencia orzamentaria. Hai que dicilo, son quince anos



consecutivos de experiencia —por certo, en dotar de certeza e estabilidade a sociedade galega—, que, sen dúbida, é un gran aval para estas contas.

Pero, unha vez máis, o sectarismo e a submisión a intereses que nada teñen que ver cos intereses de Galicia levan a nacionalistas e socialistas a cometer un dobre erro —un moi habitual—: poñerse sempre do lado de quen incumpre as súas obrigas con Galicia e criticar sempre o goberno que as cumpre incluso máis alá do seu deber, a quen leva cumprindo con este país quince anos consecutivos. *(Aplausos.)* Esa é a realidade da nosa oposición. *(Aplausos.)*

Señorías, Galicia contará en 2024 co teito de gasto máis alto da súa historia: 13.257 millóns de euros. Pero vamos ser serios: nin esta nin ningunha outra cantidade abundaría para que BNG e PSdeG renuncien a regalarnos a súa habitual ración de demagogia, ¡ningunha cantidade! E o que non entenden, o que non asumen vostedes, é que tras quince anos de negros vaticinios —dramaticamente errados un tras outro, tras outro, tras outro, ata chegar aos quince— vostedes carecen por completo de credibilidade e —aínda máis grave— dunha alarmante incapacidade para recoñecer os erros e exercer unha mínima autocrítica, ¡nin a máis mínima!

Señorías, a combinación de demagogia e de falta de credibilidade produce inexorablemente un único froito: o ridículo. E niso, exactamente, é no que vostedes acaban de incorrer neste pleno, nun total, completo e absoluto ridículo. E créanme que o lamento. Cada ano, inexorablemente, socialistas e nacionalistas cuestionan as previsións do Goberno galego —cada ano, desde hai quince—. E cada ano son desmentidos por todos e cada un dos informes elaborados polos moitos —moitísimos, diría eu— organismos independentes que analizan as contas públicas. E o último exemplo é ben recente, señorías. É que é de onte. Onte mesmo coñeciamos o informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, coñeciamos o informe da Airef. E sorpréndanse, señorías: novamente avala o proceder da Xunta de Galicia, do Goberno galego, e novamente desmente o relato populista da oposición galega. *(Aplausos.)* ¡Quince anos seguidos sendo desmentidos e nin un atisbo de autocrítica! *(Aplausos.)*

Pero o peor, o peor, señorías, o máis lamentable —especialmente lamentable, por certo, para vostedes—, non é que sexan desmentidos polos organismos. É que levan quince anos sendo desmentidos unha e outra vez polos galegos e non cambian nin un ápice o seu discurso nin os seus posicionamentos. Parece que non son vostedes os que se teñen que adaptar a Galicia e aos galegos, senón que son os galegos os que se teñen que adaptar a vostedes. Levo moito tempo dicíndolles: levan vostedes quince anos prestando aos galegos unha voz que os galegos non lles pediron. A ver se nalgún momento atopan un instante para prestar oído aos galegos, que é o que lles demandan e ao que vostedes non atenden.

As excusas para este permanente “non” a todo, non a todo, resultan cada ano —teño que dicilo— máis rocambolescas. O PSdeG renunciou hai tempo a calquera análise propia da realidade galega para limitarse a exercer de marioneta de Ferraz. ¡Alá vostedes! Hoxe deron un paso máis alá que me parece especialmente perigoso. Hoxe chegaron vostedes a trasladarnos aquí unha ameaza: jolliño con baixar impostos, que vos poden quitar financiamento! Esta é a contribución do Partido Socialista de Galicia ao autogoberno galego e ao respecto á autonomía fiscal desta comunidade autónoma. *(Aplausos.)*



¡Deberían pedir excusas inmediatamente despois de que remate este pleno! (*Aplausos.*)
¡Lamentable! (*Aplausos.*)

Miren, señorías, hai un ano as críticas centrábanse na falla —recordarao, conselleiro— de 34 millóns de euros. Era gravísimo, era gravísimo. Este ano aumentamos 637 millóns de euros. ¿Cal é a excusa? Levan criticando anos a débeda desta comunidade autónoma a pesar de ser a que menos se endebedou en todos estes anos. Este ano prevese un endebedamento cero. ¿Cal é a excusa? Critican as nosas políticas contra a pobreza aínda que levamos quince anos consecutivos mantendo a taxa de pobreza por debaixo da media nacional. Iso si, en España é grazas ás políticas de Pedro Sánchez e en Galicia é por inspiración divina. Critican a nosa política de emprego a pesar de que temos unha taxa de desemprego inferior á media de España —espérase para o vindeiro ano o 9,4 por cento—. Critican a nosa política económica a pesar de que hai un crecemento previsto do 1,9 por cento —de case o 2 por cento—, a pesar de que levamos catro anos consecutivos de crecemento e a pesar de que somos unha das primeiras comunidades que recuperou o PIB prepandemia —que no caso do Goberno é un fito histórico e importantísimo e no caso da Xunta é unha cuestión que nin sequera merece a súa valoración—. Criticaron incluso hoxe a falta de información, ¡coidado, eh! Isto despois de que coñeceramos que o seu goberno modifica a taxa de déficit para comunidades autónomas —anunciada ¡en abril! no programa de estabilidade— esta semana —o luns— e pola prensa, ¡pola prensa! E vostedes critican a falta de transparencia. Eu creo que vostedes o que teñen é un empeño especial en trasladar a inestabilidade do Goberno de España a esta comunidade. E xa lles digo eu que Galicia vai dicir que non, en ningún caso, señorías, (*Aplausos.*) ¡En ningún caso! (*Aplausos.*)

A señora Pontón e o BNG pois seguen instalados nesa visión “pontoniana” tan triste, tan gris, tan, tan desviada que incluso chega a cualificar de raquítrico, ¡de raquítrico!... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, si, desviada da realidade, señora Pontón, (*Murmurios.*) e recorde o da educación, recorde o da educación, que non se pode interromper, ¡home!—. Mire, digo que tan desviada da realidade, evidentemente, que chegan vostedes a cualificar de raquítrico o teito de gasto máis alto de toda a historia. ¡Raquítrico! —esa foi a cualificación—. (*Murmurios.*) ¡Non me pode interromper, que lle boto a bronca, señora Pontón! Pero ¿non escoitou que non se pode interromper, que está moi feo, nin falar cos compañeiros, que está moi feo? ¡Está moi feo! Ao tempo, iso si, que critican un teito de gasto histórico, calan namentres os socios e o señor Sánchez preparan, iso si, un sabrazo histórico para comprar a continuidade do señor Sánchez na Moncloa. Aquí alzan a voz. Alí calan, silencian. Nin unha soa palabra dixeron ata o de agora sobre este tema.

En fin, esta é oposición que temos, señorías: nacionalistas que non defenden a nación e socialistas que non defenden a xustiza social. É o resumo perfecto de quince anos dunha oposición absolutamente desnortada. (*Aplausos.*) E, señora Pontón, mire se ten vostede unha visión gris das cousas, unha visión absolutamente errada das cousas, que foi capaz aquí en apenas un minuto de exixir respecto institucional para, a continuación, faltarlle flagrantemente ao respecto a unha institución como é o Senado de España. E non se pon nin colorada. Fai as dúas cousas no mesmo minuto pero despois vén aquí toda digna a darnos leccións de respecto institucional vostede.



En fin, a cousa é certamente chusca, porque ata hoxe chegamos ao momento —atención ao disparate— de que nos criticaron o teito de gasto porque é electoralista —di: vostedes o que queren é financiar a súa campaña—, pero ao mesmo tempo críticannos que é demasiado baixo. Debe ser que dedicamos pouco diñeiro a pagar esa campaña electoral. Será unha cousa ou a contraria, pero de verdade, pídollo, en política pódese facer de todo menos o ridículo. ¡Deixen de facer o ridículo! ¡Pedímosllelo por favor! É que creo que Galicia xa llelo demanda. Nós, dende logo, non imos participar deste ridículo —este si histórico— no que está incorrendo o BNG. E, por certo, moléstalle moito que digamos que o teito de gasto é histórico. Éo. ¡Home!, como todo, é comparativo. Histórico sería que o BNG dixese algunha cousa positiva nesta tribuna, iso si que sería realmente histórico, pero non aspiramos a tanto, a verdade é que non.

Señorías, este Goberno leva quince anos consecutivos amosando prudencia, amosando realismo e amosando bo facer. E, sen dúbida, ao noso entender, eses son cimentos sólidos sobre os que construír un futuro ilusionante para os cidadáns deste país. Por iso leva quince anos merecendo a confianza dos galegos, por iso merece a confianza desta Cámara e por iso imos aprobar esta proposta de teito de gasto. Tempo terán, e ocasión tamén, de volver facer o ridículo sobre o debate dun orzamento que tememos que tamén imos ter que sacar adiante sen a súa axuda, coma sempre.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Antes de proceder á votación, imos saudar os alumnos de quinto e sexto de primaria do Centro Plurilingüe Nantes, de Sanxenxo.

Benvidos ao Parlamento, e tamén ás súas profesoras, que os acompañan.

E agora si procedemos á votación do límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Votamos.

Votación do límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o teito de gasto.

Declaración institucional sobre o Día do Cancro de Mama

O señor PRESIDENTE: Antes de rematar o pleno, e tendo a aprobación unánime de todos os grupos da Cámara, vou ler unha declaración institucional que ten que ver co *Día do Cancro de Mama*, que se celebra mañá. E a declaración di:



«Segundo os datos do Rexistro Galego de Tumores, no ano 2021 en Galicia fixéronse 1.767 diagnósticos de cancro de mama en mulleres. O de mama foi o cancro máis detectado en Galicia entre as mulleres, supoñendo o 26 por cento dos diagnósticos oncolóxicos entre elas. Porén, estes mesmos datos certifican que o índice de supervivencia a cinco anos por este cancro no período 2015–2019 foi dun 90,9 por cento, converténdoo nun dos tres tipos de tumores cuxo índice de supervivencia supera a cifra do 90 por cento entre as mulleres.

Por todo iso, o Parlamento de Galicia, consciente da dimensión do problema de saúde que este tipo de cancro significa pero consciente tamén das súas posibilidades de solución, quere transmitir a todas as mulleres que sofren esta enfermidade todo o seu apoio e todo o seu ánimo de buscar desde as institucións todos os recursos para afrontar este problema desde o punto de vista sanitario e social.

Así, apostamos

—Pola promoción de estilos de vida e contornos saudables que reduzan os riscos de desenvolver este cancro ou da súa recorrencia.

—Pola ampliación e a extensión dos programas de cribado e a difusión e concienciación sobre o seu uso, dados os probados resultados clínicos do seu uso para a detección precoz e o máis eficaz combate contra a enfermidade.

—Por unha abordaxe clínica, multidisciplinaria e coordinada entre as distintas especialidades que abordan estes casos.

—E por unha investigación sanitaria dotada de recursos suficientes pero tamén dunha perspectiva de xénero que dea visibilidade e notoriedade aos problemas de saúde da muller.

Desde ese compromiso institucional para apoiar todas as iniciativas que supoñan un avance na curación desta enfermidade, o Parlamento de Galicia quere transmitir tamén o seu recoñecemento a todo o persoal sanitario e ás entidades sociais que traballan día a día pola erradicación do cancro de mama e por mellorar as condicións das persoas que o padecen.»
(*Apróbase por asentimento.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Hoxe á noite —agora que temos a iluminación do edificio, que supoño que xa todos o verían— poremos o símbolo do que é o cancro de mama.

Moitas grazas.

Remata aquí o pleno.


Remata a sesión ás once e seis minutos da mañá.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pardo López, Adrián	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Daniel	(BNG)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pérez López, Noelia	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
9. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	47. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Porro Martínez, María Corina	(P)
11. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	49. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Prado del Río, Paula	(P)
13. Candia López, María Elena	(P)	51. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
14. Carballo Páez, Ramón	(P)	52. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
15. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro García, Daniel	(BNG)	54. Regueiro Fernández, José Luis	(P)
17. Castro Rey, Paloma	(S)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Conde, Ángel	(P)
22. Fernández Davila, María Cristina	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. García Vidal, Ana Belén	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. Gómez Salgado, Carlos	(P)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Abella, María Susana	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. López Sánchez, Rosalía	(P)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Lourenzo Moura, Diego	(BNG)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Mouzo Mas, Paula	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Varela Fernández, Katherinie	(P)
36. Ojea Arias, Eduardo	(S)	74. Vereja Fraiz, Borja	(P)
37. Ortega Otero, Marina	(S)	75. Vilela Riveiro, Sandra	(P)
38. Otero Lago, Noelia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

